

3, 2, 1... ACCIÓN!

CEIP DE REBOREDA



ÍNDICE

1. Título do proxecto.....	3
2. Introducción. Contextualización e xustificación do proxecto.....	3
2.1. Identificación da situación sociolingüística do centro.....	3
3. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos	5
3.1. Presentación dos obxectivos	5
3.2. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo.....	6
3.3. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo	6
4. Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	7
4.1. Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega.....	7
4.1.1. Título e descrición.....	7
4.1.2. Proposta metodolóxica.....	11
4.1.3. Xestión e temporización.....	12
5. Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa.....	12
5.1. Recursos humanos implicados.....	12
5.2. Recursos materiais que se van mobilizar.....	13
6. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	13
7. Medidas de difusión do proxecto.....	14
7.1. Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa.....	14
7.2. Na contorna e/ou noutros espazos.....	14
8. Orzamento.....	14
8.1. Xustificación e desagregación.....	14
9. Plan de avaliación.....	15
9.1. Criterios e indicadores para a avaliación.....	15
9.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	16
10. Profesorado participante. Funcións e tarefas que vai realizar.....	16
11. Alumnado participante.....	17

1. Título do proxecto

3, 2, 1... acción!

2. Introducción. Contextualización e xustificación do proxecto

O CEIP de Reboreda está situado na parroquia de Reboreda, pertencente ao concello de Redondela. É un colexio rural con familias de nivel socioeconómico medio-baixo.

O centro educativo debe atender estas circunstancias e ser un compensador de desigualdades; por iso, este proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística pretende ser un proxecto interdisciplinario e global onde participe todo o centro.

Como en anos anteriores, traballamos para fomentarmos o uso da lingua en toda a comunidade educativa e crearmos un ambiente tranquilo e motivador que anime a usar o galego nas diferentes actividades propostas: obradoiro de escrita, creación de ambientes lectores, gravación de curtas, elaboración de subtítulos etc.

Queremos que as alumnas e os alumnos vexan no galego unha lingua útil para investigar, ler, crear, escoitar e, en resumo, para adquirir a capacidade de aprender a aprender, así como para interesarse polo coñecemento na nosa propia lingua. Buscamos un proxecto no que o galego sexa visible en todos os ámbitos educativos e no que se lle dea visibilidade a través dos medios web dos que dispón o centro.

2.1. Identificación da situación sociolingüística do centro

O alumnado do CEIP de Reboreda naceu e reside principalmente nas parroquias de Reboreda e Ventosela. Hai, así mesmo, unha pequena porcentaxe procedente de Redondela.

A lingua máis falada entre o alumnado é o castelán, aínda que tamén existe unha ampla franxa de nenas e nenos que usa o galego na mesma medida que o castelán, pois son as linguas nas que interactúan no núcleo familiar. Non temos casos de alumnado estranxeiro con problemas de comprensión, nin da lingua castelá nin da lingua galega.

As rapazas e os rapaces encontran máis dificultades na aprendizaxe do galego e isto lévaos a que teñan maior seguridade ao escribir e aprender en castelán. Nos momentos de lecer, como o tempo dedicado a ver a televisión,

prefiren programas en castelán; porén esta influencia non é tan grande na lectura de libros.

Para coñecermos dun modo máis rigoroso o perfil sociolingüístico do alumnado, tanto a súa competencia como as súas actitudes, é importante sabermos cal é a súa bagaxe cando inicia cada unha das etapas educativas. Por mor diso, por unha parte, enviámoslles un cuestionario ás familias e aos alumnos e alumnas de educación infantil e do primeiro e segundo ciclo de educación primaria e, por outra, un segundo ao alumnado do terceiro ciclo de educación primaria.

Os datos recollidos refírense aos seguintes aspectos:

Para educación infantil e primeiro e segundo ciclo de primaria:

- Primeira lingua que adquiriu o/a alumno/a.
- Lingua utilizada habitualmente no seu ámbito familiar.
- Lingua utilizada habitualmente para falar cos/coas compañeiros/as.

Os resultados dos cuestionarios foron os seguintes:

- A lingua materna do alumnado é o castelán (79 %); só un 3 % é bilingüe e un 18 % aprendeu a falar en galego.
- Na metade dos fogares afirman utilizar o galego e o castelán por igual (55 %) mentres que nun 35 % predomina o castelán e nunha porcentaxe reducida (10 %) utilizan o galego.
- A lingua de relación social do alumnado é o castelán (76 %), fronte ao escaso uso do galego (4 %). Un 20 % di utilizar as dúas linguas por igual.

Cuestións para o terceiro ciclo de educación primaria:

- Lingua utilizada habitualmente no seu ámbito familiar.
- Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar.
- Lingua utilizada para comunicarse cos/coas compañeiros/as.
- Actitudes cara á normalización social do galego que se constatan entre o alumnado.
- Actitudes cara á utilización do galego no ámbito educativo que se constatan entre o alumnado.

Os resultados das enquisas foron os seguintes:

- O alumnado do terceiro ciclo de educación primaria manifesta que a maioría de utiliza na escola o castelán e o galego por igual (81 %). Este dato é moi significativo: a escola revélase como axente galeguizador.

- Na casa a situación cambia: un 50 % é castelanfalante, un 14 % galegofalante e un 36 % di utilizar ambas as dúas linguas por igual.
- Nas relación sociais, un 81 % utiliza o castelán, fronte a un 5 % que usa o galego para comunicarse cos compañeiros e compañeiras.
- En canto ás actitudes cara á normalización social do galego que se constatan na maior parte do alumnado, son as seguintes:
 Un 67 % considera que o galego non é unha lingua axeitada para os videoxogos. En canto ás películas e aos libros, a situación varía: un 58 % considera o galego unha lingua axeitada para as películas e un 92 %, para os libros.
 A maioría está en desacordo coa afirmación de que, en Galicia, o galego é pouco útil (un 87 % cre que é útil, fronte a un 13 % que di que é pouco útil) e en total desacordo (95 %) coa afirmación de que a xente que fala galego é máis intelixente; unha maioría (80 %) afirma que en Galicia debería usarse máis o galego.
- Con respecto á utilización do galego no ámbito educativo, constátase que a maioría (89 %) está completamente de acordo coa afirmación de que calquera materia se pode aprender en galego e coa de que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece (86 %); non obstante mostra indiferenza para recibir máis clases en galego.

3. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

Como acabamos de recoller no apartado anterior, queda claro que a lingua galega non goza de boa saúde no noso centro. O noso obxectivo prioritario é que o alumnado entenda a importancia de usar a nosa lingua para que non desapareza e asimile que é perfectamente válida para nos comunicarmos na nosa vida cotiá.

3.1. Presentación dos obxectivos

- Mellorar as habilidades e competencias comunicativas do alumnado en galego, especialmente as orais, tanto nos usos coloquiais como en contextos formais.
- Potenciar o uso e valoración da lingua galega a través das TIC, mediante actividades e produtos con formatos atractivos no momento vital no que nos atopamos.
- Estender o emprego da lingua a espazos e termos asociados á

modernidade, sobre todo a través de ferramentas TIC.

- Construír unha imaxe positiva do galego.
- Visualizar o galego nas redes sociais e nas plataformas máis utilizadas.
- Empregar o galego en todos os ámbitos: científico, tecnolóxico, turístico etc.

3.2. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

As propostas deseñadas teñen un prazo de actuación curto e están distribuídas ao longo dos tres trimestres. Para realizarmos estas actividades, cremos importante ter en conta unha serie de premisas:

- Optimizar o uso dos recursos TIC. No centro estase a desenvolver o programa Polos creativos, de maneira que contamos con recursos, pero defendemos a estratexia de que a tecnoloxía sexa un medio, non un fin.
- Fomentar o traballo en equipo, un traballo no que as interaccións do alumnado garantan os principios de igualdade e se fomente unha linguaxe non sexista e sen fenda de xénero.
- Cimentar unha maneira de traballar na que o cinema funcione como un medio expresivo, usar a linguaxe audiovisual como calquera outra linguaxe, fomentando a reflexión sobre o importante: contar unha historia.
- Atopar puntos de encontro coa comunidade educativa e outras institucións (Concello, persoeiros do medio, empresas, diversas asociacións...), que nos sirvan como escusa para favorecer unha maior participación desta.

3.3. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

No noso centro traballamos cun proxecto didáctico integral (PDI) que cada ano se centra nun tema distinto, elixido polo alumnado. Este é o segundo curso no que funciona unha comisión organizadora formada polas coordinadoras dos catro grandes equipos dinamizadores de centro (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo Dinamizador da Biblioteca Escolar, Equipo TIC e Equipo de Actividades Extraescolares). Isto é fundamental para conseguirmos realmente que o proxecto estea dentro das distintas materias de xeito transversal.

Todas as actividades de centro están organizadas por esta comisión e con isto pretendemos non saturar a comunidade educativa cun exceso de

propostas e, por outra banda, que o galego estea presente en todas. Aínda que os fíos condutores cambien cada ano, esta forma de traballar permítenos avanzar no noso obxectivo primordial que é que o alumnado galegofalante aumente.

4. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

Como xa explicamos no punto anterior, as propostas están organizadas por esta comisión. As actividades divídense entre os tres trimestres para que, dunha maneira progresiva, se poidan ir conseguindo os obxectivos propostos.

4.1. Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega

A continuación, imos facer unha relación das actividades que está previsto realizar ao longo deste curso escolar. No noso centro, ademais da páxina web de centro ([ligazón](#)) e de diversos blogs, contamos cunha conta de Instagram para difundir as actividades realizadas entre a comunidade educativa.

4.1.1 Título e descrición

Arrincamos! 3,2,1... Acción! ([ligazón](#))

O proxecto arrinca oficialmente a última semana de outubro, cando reabre a biblioteca, con dous eixes:

- Folla de retos: ao longo de todo o curso, as aulas terán que superar seis retos, que coinciden coas actividades complementarias que se realizan no centro. O premio para a aula gañadora será a proxección dunha película na biblioteca. Ademais da aula gañadora, todas as demais recibirán tamén un premio pola participación.

En cada trimestre haberá dous retos que superar para ir conseguindo os puntos. Todos se realizarán en lingua galega.

- Intercambio entre aulas: O equipo PDI propón compartir ese traballo sacándoo das aulas e levándoo aos corredores. No taboleiro da entrada vaise pór un espazo que funcionará como panel informativo onde cada aula poderá difundir as súas actividades de PDI para que o alumnado das demais as vaia visitar. Pódese compartir calquera actividade. A idea é que o resto vaia pasando polos diferentes corredores e que, en cada visita, un par de nenos/as explique o que se está vendo. Como pasarán todos os cursos, en cada quenda dará a

explicación un par de nenos/as distintos/as, ata que todo o alumnado da aula realice este labor. Esta explicación será en galego.

Obradoiros interniveis ([Ligazón](#))

Neste curso incluíuse esta proposta para que todos os venres, nenas e nenos de todas as idades, mesturados, traballen xuntos nun obradoiro. No primeiro trimestre houbo 10 obradoiros polos que os nenos e as nenas rotaron cada venres. O Equipo de Biblioteca organizou equipos por cores. Cada un consta de 23 rapaces desde 3 anos ata sexto curso de primaria. Os máis grandes son os encargados de ir polas aulas de infantil para recolleren os máis cativos e levalos ao obradoiro que esa semana corresponde. Debido á grande acollida, este segundo trimestre repetimos a proposta pero cambiando a temática dos obradoiros.

Curtas de medo! ([Ligazón](#))

Con motivo do Samaín, invitamos as familias a participar no IV Festival de Curtas de Medo do noso cole. Unha vez recibidas todas, o día do Samaín reúnese todo o centro para poder ver o traballo de todas as familias.

Nin príncipes azuis nin belas adormecidas ([Ligazón](#))

Cada aula elixe unha personaxe feminina dunha película Disney. Posteriormente, farase unha análise desta, centrada nos estereotipos de xénero: como son as súas actitudes, comportamento, vestimenta... A idea é converter esa personaxe nunha sen estereotipos.

Este traballo plasmouse nun folio A3 que se pegou no mural da vidreira o día 25 de novembro baixo o lema "Nin príncipes azuis nin belas adormecidas". Ademais do formato papel, os traballos de cada clase contaban cun código QR onde se recollían vídeos para ampliar a información alí exposta. Con este formato de actividades, seguimos potenciando o plano oral da lingua.

Viaxe á Lúa

Centrándonos na historia do cinema, nas súas orixes, introducímonos no cinema mudo e en branco e negro. O produto final será unha interpretación dun fragmento da película *Viaxe á Lúa* de Georges Mèliés. Como non hai diálogos orais, será unha ocasión fantástica para o uso de subtítulos e diversos carteis en lingua galega. Estas curtas, xunto con outras, formarán parte do I Festival de Cinema de Reboreda que se realizará ao final de curso.

A vida é bela ([ligazón](#))

O Día da Paz celébrao todo o centro reunido. Nesta ocasión e despois de traducir e traballar a canción da película *A vida é bela*, cada clase escenificará unha parte desta peza musical. Posteriormente gravarase un vídeo cooperativo que se proxectará o día 30 de xaneiro. Completaremos a xornada cunha sesión de xogos cooperativos.

Día de Rosalía ([ligazón](#))

Para conmemorar este día, cocínarase o "Caldo de Gloria". Faranse equipos colaborativos interniveis e, coa axuda das súas titoras, o alumnado cocinara este prato seguindo o poema da escritora e despois degustarao. Ademais de ler unha selección de poemas, levará para a casa un mantel conmemorativo deste día.

Concurso de Narrativa da Reboraina ([ligazón](#))

Esta actividade fai partícipe non só o propio alumnado do centro senón que amplía este ámbito ao escolarizado nos diferentes IES do concello de Redondela. Trátase dun concurso de narrativa en galego. Primeiro os rapaces e as rapazas deben facer o cartel que anunciará o concurso cun lema que faga referencia a este. O cartel gañador imprímese e distribúese polo concello; déixanse copias no centro, nos IES de Redondela, no Concello, en comercios da vila etc. Os relatos son lidos, analizados e premiados polo xurado composto polo EDLG e un pai ou unha nai que non teña fillos que participen no certame.

Os premios entréganse durante a Semana das Letras Galegas. Con este concurso pretendemos fomentar o uso escrito do galego fóra das actividades que se desenvolven acotío nas nosas aulas e implicar outros centros educativos, asociacións, comercios e demais entidades da zona.

3, 2, 1... A disfrazarse!

Cada ano, o colexio organiza o Entroido baseándose temática central que se desenvolve ao longo do curso escolar, co tradicional desfile no que participa toda a comunidade educativa e coas ordes do Meco. Durante esa semana, o Meco aparece na entrada do colexio cunha orde para o día seguinte, relacionada co proxecto dese ano. Finalmente, o venres de Entroido realizárase o desfile pola contorna e a ANPA colaborará repartindo un doce típico da época, as orellas.

Rompendo estereotipos, detrás das cámaras ([ligazón](#))

Cada clase realizará unha investigación sobre unha muller galega relacionada co audiovisual e, preferiblemente, que traballe detrás das cámaras, é dicir, directora, produtora, guionista, técnica de luz, de

son..., que será plasmada nunha cartolina. Con posterioridade, formarase un mural común para que todas e todos poidamos aprender do traballo dos demais. Igual que con actividades anteriores, foméntase a inclusión de códigos QR onde se reflicte esa parte oral do traballo realizado.

3, 2, 1... Podcasteando!

Durante os meses de abril, maio e xuño, diversas clases traballarán con aplicacións dixitais para crearen *podcasts*; estes terán unha temática variada e adaptada á realidade de cada aula.

Revista *Bolboreta*

É a revista da nosa escola, unha publicación anual na que participan todo o alumnado do centro, os mestres, asociacións veciñais, de montes, de augas e as familias. Na revista recóllense artigos dos mestres e mestras nos que comentan actividades relacionadas co centro como as saídas, festas...; artigos do alumnado que fala do que lle gusta do centro, contos, poesías, pasatempos... e artigos das familias que queiran colaborar connosco. A portada e a contraportada da revista son elaboradas polo alumnado. Esta tarefa vai rotando polos distintos cursos.

Unha vez seleccionados todos os traballos e compilados na revista, publícase na páxina web do centro en formato dixital. Con esta iniciativa fomentamos o uso escrito da nosa lingua, así como a lectura de prensa en galego.

3, 2, 1... Rodamos!

Durante o terceiro trimestre, cada clase elaborará unha curta. Para organizarnos no centro, distribuímos o profesorado e o alumnado. Desde infantil ata cuarto de educación primaria realizarán dúas curtas de animación utilizando a técnica de *stop motion*, no marco do programa Nós tamén creamos! no que participan.

O terceiro ciclo, pola súa banda, realizará unha curta por nivel, desde cero. Isto implica un enorme proceso de creación, con todas as súas fases: definir a historia, decidir e ter claro o que se quere contar, crear o *storyboard*, realizar a gravación, con todo o que esta implica...

Procurarase en todas as curtas que sexan historias inspiradoras, que o guión estea coidado e se respecte o uso do galego, que o repartimento de papeis sexa igualitario, que, dentro do posible, se fomente a participación das familias etc.

I Festival de Cinema de Reboreda

De cara ao mes de xuño realizarase o I Festival de Cinema no que as curtas creadas ao longo de todo o curso se difundirán para toda a comunidade educativa, o concello, institucións da contorna etc. A nosa idea é organizar un autocinema ou cinema ao aire libre, aproveitando o patio do centro. Cremos que pode ser unha actividade atraente e inspiradora que conseguirá crear conciencia da necesidade do fomento do uso da nosa lingua, romperá barreiras e fará que o noso proxecto saia máis alá das paredes do centro.

4.1.2. Proposta metodolóxica

A secuencia metodolóxica sería a seguinte:

- Presentámoslle a proposta ao resto do profesorado. Falámoslle da importancia do uso da lingua galega e de que tentamos promovelas en obradoiros ou materias de libre configuración onde se poidan desenvolver proxectos específicos.
- Traballaremos a lingua de xeito interdisciplinario, pois implica deseñar mecanismos, manexar conceptos informativos, manipular software, aplicar regras, desenvolver a creatividade e explorar escenarios ou espazos novos de traballo.
- A lingua galega axudaranos a unir unhas materias con outras e contribuír a unha educación global e participativa, na que o traballo por proxectos xunte capacidades no canto de separalas por materias.
- Queremos promover entre o alumnado os principios STEM. Polo tanto, usaremos internet, foros, vídeos... nos que vexamos a importancia da lingua para traballar todos os ámbitos desde diferentes perspectivas.
- A realización dunha curta comporta o manexo de diversas ferramentas, tanto lingüísticas (diálogos, subtítulos...) como tecnolóxicas (a gravación en si mesma), escénicas (decorados, vestuario...) e musicais (as diferentes bandas sonoras).

Para poder facer realidade todo isto na aula os pasos serán os seguintes:

- Reutilizar o material elaborado nos cursos anteriores, pois xa está probada a súa efectividade. Iso si, este material adaptarase ao novos grupos e faranse as modificacións necesarias.
- Compartir coñecementos: fomentaremos o traballo cooperativo a través da realización de obradoiros interniveis nos que o alumnado comparta os seus saberes.

- Titorizar os compañeiros e as compañeiras: isto mellora a competencia dos aprendices e, ademais, estes conectan con maior efectividade cos seus iguais.
- Visualizar os logros: é importante compartir coa comunidade educativa as actividades realizadas na aula, ben nos medios web do centro, ben no festival final ou en actividades propostas pola comunidade educativa.

O traballo debe saír da aula para implicar o resto de alumnado do centro, así como as familias e axentes educativos.

4.1.3. Xestión e temporización

Como se explicou en apartados anteriores, o proxecto vaise desenvolver ao longo de todo curso:

- No primeiro trimestre, afondamos na historia do cinema, nas súas orixes no cinema mudo e en branco e negro. O produto final desta etapa será a recreación dunha parte de *Viaxe á Lúa*.
- No segundo trimestre, centrámonos no papel da muller detrás das cámaras e poñémonos en contacto con mulleres que realizan o seu labor no audiovisual, á vez que avanzamos no proceso de creación dunha curta.
- No terceiro trimestre, culminamos o proxecto coa gravación desa curta que realizará cada nivel educativo e coa proxección de todos audiovisuais no festival final.

5. Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa

Sen dúbida, o éxito da calquera proxecto depende da implicación de quen o está a desenvolver. No noso centro levamos varios anos cunha estabilidade de profesorado ao cento por cento e isto repercute na vida a longo prazo dos proxectos deseñados. Ademais, contamos cunha ANPA moi activa e familias que se implican na vida escolar dos seus fillos e das súas fillas.

5.1. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proceso

Toda a comunidade educativa practicamente, está involucrada neste proceso: profesorado, alumnado, ANPA, concello, diversas asociacións da

contorna, institucións, mulleres e homes referentes do tema audiovisual que desinteresadamente colaboran con nós para achegar este tema ao alumnado.

5.2. Recursos materiais que se van mobilizar

Tendo en conta a natureza do proxecto, os materiais que se van a necesitar son basicamente recursos técnicos audiovisuais: cámara de vídeo, trípode, ordenadores con programas de edición, gravadora de audio, focos e diversos elementos para o uso do chroma, cámara de fotos, tabletas, canón e diverso material de *atrezzo*.

6. Colaboración con institucións, entidades, asociacións ou empresas

O noso proxecto de innovación ten como obxectivo usar o cinema como unha excusa para fomentar o uso do galego. Ademais, servímonos doutros programas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e/ou doutras entidades que temos no centro para afondarmos neste fin:

Polos creativos: grazas a este proxecto, contamos con material para poder realizar a parte técnica; ademais, todo o profesorado está desenvolvendo unha serie de formación sobre gravación de vídeos, a edición destes e a creación de *podcasts*, entre outros temas.

Cinema na aula: este proxecto pon á nosa disposición recursos como a plataforma Platino Educa, para axudar a “educar a mirada” e facer máis fácil o proceso de creación e, así mesmo, para saber usar a linguaxe audiovisual.

Nós tamén creamos!: un programa incluído no plan Proxecta+ da Consellería, do cal estamos recibindo formación para podermos realizar as curtas de animación.

Educación responsable: Un programa da Fundación Botín en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Barrié para a mellora da convivencia e a educación emocional. Despois de tres anos, o noso xa é centro graduado e temos máis liberdade á hora de elixir os nosos propios proxectos.

Observa_Acción: programa que ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas [competencias profesionais docentes](#) para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

Familias e contorna: colaboramos coas familias, co Concello de Redondela, Radio Redondela, outros centros educativos, asociacións culturais como O Carballo das Cen Pólas, e as comunidades de montes de San Martiño ou Reboreda, entre outras.

7. Medidas de difusión do proxecto

Todas as actividades do centro espállanse a través de diversos medios como son os diferentes blogs de aula, a páxina web do centro e a conta de Instagram.

De todos os xeitos, nesta ocasión habería unha medida de difusión adicional, que sería o I Festival de Cinema de Reboreda.

7.1. Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

A difusión entre o alumnado e a comunidade educativa faise a través dos blogs, a páxina web e a conta de Instagram, sen esquecermos da ANPA e das propias titorías que difunden información.

Tamén usamos a plataforma Abalar para informar as familias de temas relacionados con proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística.

7.2. Na contorna e/ou outros espazos

Nalgunha ocasión, as nosas propostas son difundidas na prensa, no *Faro de Vigo* ou en *La voz de Galicia* e tamén en Radio Redondela.

8. Orzamento

Como comentamos anteriormente, todos os equipos dinamizadores están implicados na consecución deste proxecto, así que o material funxible que usamos é subvencionado polo Departamento de Biblioteca, Dinamización Lingüística e Equipos de Ciclo.

8.1. Xustificación e desagregación

Para mellorarmos o equipamento técnico que se empregará no proxecto, conviría mercar dous Ipad que mellorarían o proceso de gravación, así como os trípodes correspondentes. Ademais, de cara ao I Festival de Cinema precisamos un sistema de son axeitado.

– Dous Ipad Pro de 10,5’’ de 256 xigas (900 € cada un)

- Dous trípodes (30 € cada un)
- Sistema de son (aproximadamente 2.100 €, pendente de orzamento)

9. Plan de avaliación

Consideramos que a avaliación ten un papel fundamental na labor dos dinamizadores da lingua.

Comezamos as reunión do equipo cunha pequena avaliación das actividades realizadas ata ese momento para ver as carencias e dificultades lingüísticas do noso centro. O fin da avaliación non é outro que conseguirmos o obxectivo de aumentar o número de galegofalantes.

9.1. Criterios e indicadores para a avaliación

Utilizaremos a observación e análise para avaliar os seguintes indicadores:

- Nivel de uso e corrección da lingua e cumprimento das normas establecidas.
- Desenvolvemento das actividades dinamizadoras propostas polos diferentes equipos.
- Implicación das titorías no proxecto.
- Oferta de todos os recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- Grao de participación e implicación no proxecto por parte do alumnado e profesorado.
- Coordinación entre os mestres e as mestras do equipo e os demais membros do Claustro
- Interacción co resto do alumnado, familias e demais membros da comunidade.
- Coordinación e colaboración con outras entidades culturais no desenvolvemento das actividades.
- Adecuación das estratexias establecidas ás necesidades concretas.
- Adecuación da organización.
- A integración das TIC.
- Análise da incidencia do traballo nos outros equipo do centro.
- Aplicación e incidencia das propostas elaboradas.
- Uso da lingua como recurso compensador das desigualdades, por

medio do ofrecemento de estímulos, axuda e apoio ao estudo e á busca de información.

9.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

- Grao de mellora no uso normalizado do galego na realización de materiais audiovisuais do centro.
- Grao de compromiso co uso do galego, por parte do profesorado e do alumnado, na realización de materiais na nosa lingua.
- Valoración do galego asociado á creación filmográfica, literaria, tecnolóxica e/ou artística.

10. Profesorado participante. Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado

NOME E APELIDOS	CARGO	FUNCIÓNS NO PROXECTO
Vanessa Barciela Corujeira	Titora de 5º A de ed. primaria Coordinadora de EDLG Responsable do banco de recursos de ER Membro da comisión organizadora das actividades do PDI Participante en Cinema na aula Responsable de Observa_Acción	Coordinación do proxecto. Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións co contorno. Publicación e información.
Verónica Camiña García	Titora de 6º B de ed. primaria Coordinadora do equipo TIC Coordinadora de Polos creativos Membro da comisión organizadora das actividades do PDI Coordinadora de Cinema na aula Coordinadora de Observa_Acción	Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións co contorno. Publicación e información.
Lorena González López	Titora de 1º de ed. primaria Coordinadora o Equipo de Biblioteca Membro da comisión organizadora das actividades do PDI Participante en Nós tamén creamos! Responsable de Observa_Acción	Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións co contorno. Publicación e información.
Marina Novás	Xefa de estudos	Organización de liñas de traballo

Pérez	Mestra de PT Responsable de Observa_Acción	e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Relacións co contorno. Publicación e información.
Esteban Carrera Fernández	Titor de 4º de ed. infantil Coordinador do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares Membro da comisión organizadora das actividades do PDI Participante en Nós tamén creamos! Participante en Observa_Acción Membro do EDLG	Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións co contorno. Publicación e información.
Aida Oitavén Silvoso	Titara de 6º de ed. infantil Responsable de Nós tamén creamos! Participante en Observa_Acción Membro do EDLG	Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións co contorno. Publicación e información.
Martina Campos Maestú	Titara de 2º A de ed. primaria Participante en Nós tamén creamos! Participante en ER Participante en Observa_Acción Membro do EDLG	Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
María Teresa Fernández Pérez	Directora Cotitora de 3º A de ed. primaria Participante en Nós tamén creamos! Participante en Observa_Acción Membro do EDLG	Facilitación de horarios e recursos. Relacións co contorno. Publicación e información
Alexandre Alonso González	Mestre de inglés participante en Observa_Acción Membro do EDLG	Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Ana Isabel Rodríguez Roupeiro	Mestra de apoio en ed. infantil Participante en Nós tamén creamos! Participante en Observa_Acción Membro do EDLG	Participación puntual en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.

11. Alumnado participante (curso, ciclo, número)

O proxecto está pensado para a participación da totalidade do alumnado: 220 alumnas e alumnos.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES